

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEAREAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DESESTIMENTO PROCESO CONSOLIDACIÓN PRAZAS

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 6 de xullo de 2015, coa motivación recollida na proposta da Alcaldía do 03-07-2015, e por unanimidade a favor dos membros presentes (7 votos a favor), acordou:

Primeiro: Desistir dos procedementos de consolidación de emprego convocados e non rematados (respecto de prazas incluídas na OEP do 2008), isto é, dos procedementos de consolidación en relación coas categorías:

PRAZA	CATEGORIA	GRUPO	Nº PRAZAS
1.02.12; 1.02.03; 1.02.18	PEDAGOGO	I	3
1.02.14	PSICÓLOGO	I	1
1.01.18	RESPONSABLE ARQUIVO (quenda minusvalía)	I	1
1.02.09	ASISTENTE SOCIAL	II	1
1.02.02	EDUCADOR SOCIAL	II	1
1.01.17	ENXEÑEIRO TÉCNICO	II	1
1.01.66	RESPONSABLE DEPTO PERSOAL	II	1
1.01.67; 1.15.01; 3.01.08;	ADMINISTRATIVO	III	3
1.04.05	RESPONSABLE DEPTO CULTURA	III	1
3.01.03; 1.03.01; 1.01.04; 3.01.04; 1.01.05; 1.01.06	AUX. ADMINISTRATIVO	IV	6
1.02.10	AUX. ADMINISTRATIVO (quenda minusvalía)	IV	1
1.04.01; 1.04.03	AUX. BIBLIOTECA	IV	2
1.04.02	AUX. BIBLIOTECA (50 %)	IV	1
1.04.08	AUX. MUSEO	IV	1
1.11.04; 1.11.07; 1.11.08; 1.11.10; 1.11.22; 1.11.23	AUX. PUERICULTURA	IV	6
1.11.02	AUX. PUERICULTURA (75 %)	IV	1



PRAZA	CATEGORIA	GRUPO	Nº PRAZAS
1.02.01	AUX. VOCALIA MULLER (quenda minusvalía)	IV	1
1.01.10; 1.01.11; 1.01.12	CONDUCTOR	IV	3
1.01.30	NOTIFICADOR	V	1
1.01.36; 1.01.37; 1.01.38	OFICIAL 3 OFICIOS VARIOS	V	3
1.05.08	PEON ENCARGADO LIMPEZA	V	1
1.05.05	PEÓN ENCARGADO PRAIAS	V	1
1.01.54	VIXIANTE BASUREIRO	V	1
3.01.09	VIXIANTE CONSERXE	V	1

Segundo: Notificar aos interesados o desestimento a que se refire o parágrafo anterior e o dereito a formalizar a solicitude da devolución das taxas por exame pagadas no seu caso, no prazo de catro anos, de acordo co establecido no artigo 66.1 c da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, BOE do 18/12/2003.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal o presente acordo.

Para consulta íntegra os interesados poderán acceder ao expediente no departamento de Persoal do Concello.

RECURSOS.—Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 107.1 e 116-1 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998,





regulamentadora da xurisdicción contenciosa administrativa. Non obstante, tamen se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, 13 de xullo de 2015.—O Alcalde, Xosé Represas Giráldez.

